

## **CONVENIO MARCO DE COLABORACION ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E IPSEN PHARMA S.A.U. PARA A PROMOCIÓN DA CALIDADE ASISTENCIAL, A MELLORA DOS RESULTADOS EN SAÚDE E O ACCESO Á INNOVACIÓN DE PACIENTES**

### **MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde formalizou o día 02.02.2022 o instrumento convencional arriba referido, que terá una vixencia de tres anos a partir do día seguinte á súa sinatura, podendo ser prorrogado, por acordo das partes, por un período de ata catro anos adicionais, de conformidade co disposto no artigo 49 h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Definir o alcance das relacións de colaboración entre as partes asinantes, para a promoción da calidade da atención, a mellora dos resultados en saúde, e o acceso á innovación, investigación e formación nas áreas de oncoloxía, enfermidades raras e neurociencias.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se asina se fundamenta no seguinte:

De acordo co disposto no artigo 92 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, configúrase o Servizo Galego de Saúde como organismo autónomo de natureza administrativa adscrito á Consellería de Sanidade, creado por Lei 1/1989, do 2 de xaneiro, con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o adecuado desenvolvemento das competencias que no ámbito sanitario correspóndenlle á Comunidade Autónoma de Galicia.

O artigo 94 da mesma lei contempla entre as súas funcións a promoción da docencia e a investigación en ciencias da saúde, no ámbito dos centros, servizos e establecementos sanitarios asistenciais, así como o desenvolvemento de programas de calidade e mellora da práctica clínica e a xestión.

Por outra banda, o artigo 136 da citada Lei 8/2008, do 10 de xullo, establece, no ámbito da coordinación interdepartamental da atención da saúde, que a Consellería de Sanidade promoverá accións integrais sociosanitarias naquelas circunstancias de dependencia,

cronicidade, discapacidade ou outras nas que a cooperación leve consigo beneficios sociais, asistenciais e de benestar.

Así mesmo, a Consellería de Sanidade, a través do Servizo Galego de Saúde, ten como un dos seus obxectivos a prevención e a asistencia sanitaria. O seu propósito é promover, planificar, coordinar e avaliar as accións realizadas para mellorar o proceso de atención e, isto, coa implicación de todos os actores do sistema de saúde e do sistema social, co fin de establecer un marco de actuación integral.

Outro dos obxectivos relacionados é a mellora do uso dos medicamentos, tanto na atención primaria de saúde como na atención hospitalaria e sociosanitaria. Neste sentido, unha das liñas de actuación é a promoción de actividades encamiñadas a mellorar aspectos como a educación sanitaria de pacientes e cidadáns e o uso adecuado dos medicamentos, a adherencia aos tratamentos prescritos, a formación científica dos profesionais sanitarios ou a investigación nestas materias, co fin de mellorar a atención ao paciente e o servizo de saúde.

A Consellería de Sanidade conta con entidades públicas adscritas e funcionalmente dependentes do Servizo Galego de Saúde ás que encomendar servizos e tarefas dentro do seu ámbito de actuación, como é o caso da entidade pública galega Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS), cuxa actividade principal é a docencia, a formación e a investigación na administración e xestión da saúde, saúde pública e asistencial, de acordo coas directrices ditadas pola Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde.

IPSEN é unha empresa farmacéutica que centra a súa actividade diaria en prolongar e mellorar a vida dos pacientes e ofrecerlles resultados de saúde innovadores, mediante o desenvolvemento de fármacos innovadores nas áreas de oncoloxía, enfermidades raras e neurociencias.

O seu obxectivo é traballar para e cos pacientes. Para conseguilo, ademais de poñer á súa disposición toda a ciencia e medicamentos innovadores, desenvolve proxectos de sensibilización e educación nas distintas áreas terapéuticas nas que traballa. Estas iniciativas forman parte do seu compromiso cos pacientes, os seus familiares e a sociedade. Un dos seus obxectivos de innovación e investigación é traballar pola calidade de vida dos pacientes que padecen algunha enfermidade. Neste sentido, o seu desexo é ofrecer produtos e servizos que lles axuden a mellorar a súa calidade de vida, a da sociedade en xeral e contribuír a xerar coñecemento e colaborar na mellora da calidade da atención. En consecuencia, pode adoptar e desenvolver actividades de investigación, formación e atención ao paciente coa colaboración e o apoio científico, técnico e institucional dos xestores dos servizos de saúde.



IPSEN quiere aliñarse cos obxectivos do resto de asinantes mencionados anteriormente, e implicarse como axente colaborador expresando as pautas e liñas xerais contidas neste convenio marco, en relación á mellora da atención sanitaria en pacientes con enfermidades enmarcadas nas áreas de oncoloxía, enfermidades raras e neurociencias.

Tendo en conta o anterior, as partes intervenientes están interesadas en plasmar o seu compromiso de colaboración na promoción da calidade asistencial, a mellora dos resultados en saúde e o acceso á innovación nas áreas de oncoloxía, enfermidades raras e neurociencias.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de abril de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

